

Proxecto de decreto do.... de 2022, polo que se crea a categoría estatutaria de dietista-nutricionista do Servizo Galego de Saúde.

A Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, establece no seu artigo 15.1 que no ámbito de cada servizo de saúde se establecerán, modificarán ou suprimirán as categorías de persoal estatutario de acordo coas previsións do capítulo XIV e, no seu caso, do artigo 13 da dita lei. E, conforme o seu artigo 14.1, os servizos de saúde establecerán as diferentes categorías ou grupos profesionais existentes no seu ámbito de acordo co criterio de agrupación unitaria das funcións, competencias e aptitudes profesionais, das titulacións e dos contidos específicos da función a desenvolver.

Segundo o artigo 113.4 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, a creación, modificación e supresión de categorías estatutarias realizarase por decreto do Consello da Xunta.

Entre as liñas de actuación da Administración sanitaria no ámbito da atención primaria figura definir e impulsar unha estratexia de saúde comunitaria que integre, entre outros, aqueles factores que, como a dieta, están relacionados co estilo de vida. Por outra parte, tamén se considera estratéxico conectar os equipos de atención primaria con algunhas funcións, entre elas as propias dos/as nutricionistas, que cada vez serán máis necesarias para a prestación dos coidados que necesitan determinados/as pacientes.

Para a prestación destas actividades no ámbito da dietética e a nutrición, o artigo 7 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, alude expresamente á profesión de Dietista-nutricionista.

Con este decreto procédese a crear no Servizo Galego de Saúde unha categoría con esa mesma denominación, de xeito que o organismo poderá impulsar no futuro a incorporación deste persoal sanitario especialmente cualificado.

Certamente, como xa se expuxo, a creación da nova categoría resposta inicialmente a unhas determinadas liñas estratéxicas de actuación no ámbito da atención primaria. Así e todo, e en plena correspondencia co amplo currículo formativo desta profesión sanitaria, o decreto non restrinxe as súas actividades á contorna dese nivel asistencial. Desta forma, e se a prestación da asistencia así o demanda, a actividade deste colectivo profesional podería estenderse, igualmente, ao ámbito da atención hospitalaria.

Polo demais, calquera que sexa o ámbito da súa actividade, a incorporación desta nova categoría atende tamén ao obxectivo, así mesmo estratéxico, de fortalecer e fomentar o traballo e os equipos multidisciplinares.

O decreto consta de 6 artigos nos que se regulan o seu obxecto, o réxime xurídico da categoría, o acceso á mesma, as súas funcións e determinadas especificacións relativas ao cadro de persoal, as retribucións e a xornada.

Pola súa parte, na disposición adicional fíxanse o nivel dos postos de traballo da nova categoría e as súas retribucións complementarias iniciais.

Pechan o texto unha disposición derogatoria e dúas derradeiras, relativas á habilitación normativa e á entrada en vigor do decreto.

A tramitación desta norma adecuouse ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, sendo obxecto de publicación no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia a efectos do previsto no artigo 9.c) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Asemade, o proxecto foi sometido ao informe económico-financieiro da consellería competente en materia de facenda, informe sobre impacto de xénero, informe sobre impacto demográfico, informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, informe da dirección xeral competente en materia de función pública e da Asesoría Xurídica Xeral.

Este decreto dítase trala preceptiva negociación na Mesa Sectorial de negociación do persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde e co voto favorable das organizacións sindicais ...

Por último, o texto do decreto adecúase aos principios de boa regulación descritos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. Así, en aplicación dos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade e eficiencia, a norma persegue un interese xeral, que é a creación dunha nova categoría estatutaria, e recolle as normas precisas para tal fin e sen impoñer maiores obrigas e cargas ca as necesarias. En virtude dos principios de seguridade xurídica e simplicidade, a norma garda coherencia co resto do ordenamento xurídico. En cumprimento dos principios de transparencia e accesibilidade, identifícanse con claridade nela os obxectivos perseguidos e, ademais, durante a súa tramitación promoveuse a participación da cidadanía, singularmente mediante a publicación no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

Na súa virtude, por proposta da consellería de Sanidade, de acordo co/oído o Consello Consultivo de Galicia e logo de deliberación no Consello da Xunta na súa reunión do día...,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

Este decreto ten por obxecto a creación, no Servizo Galego de Saúde, da categoría estatutaria de dietista-nutricionista, dentro do colectivo de persoal estatutario sanitario de formación universitaria, de nivel diplomado ou graduado (subgrupo A2), ao tempo que se conteñen previsións sobre o seu réxime xurídico, réxime de acceso, funcións, cadro de persoal, retribucións e xornada.

Artigo 2. *Réxime xurídico*

A relación de servizo do persoal da categoría creada neste decreto co Servizo Galego de Saúde rexeráse pola Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, pola Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, pola normativa en materia de emprego público, nos termos previstos nela, polo presente decreto e pola restante normativa aplicable ao persoal estatutario do organismo.

Artigo 3. *Acceso*

1. Para acceder á categoría de dietista-nutricionista, como persoal estatutario fixo ou temporal, será indispensable estar en posesión do título universitario oficial de diplomado/a ou graduado/a en Nutrición Humana e Dietética. Cando se trate de titulacións extracomunitarias ou obtidas noutro Estado membro da Unión Europea deberá achegarse, ademais, o documento que acredite fidedignamente a súa homologación e recoñecemento, respectivamente.
2. Será requisito para acceder á condición de persoal estatutario fixo desta categoría a superación das correspondentes probas de selección, convocadas en execución dunha oferta pública de emprego e consonte o establecido na Lei 55/2003, do 16 de decembro, e na restante normativa aplicable.
3. A selección do persoal temporal efectuarase polo procedemento que se estableza logo da negociación na Mesa Sectorial de negociación do persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.
4. Os procesos de selección para o acceso, e os procesos de provisión de prazas, terán carácter periódico e programaranse en función da planificación eficiente das necesidades de recursos.

A oferta ou ofertas de emprego público negociaranse na antedita Mesa Sectorial, e o número

de prazas que se convoquen nos respectivos procesos de selección e concurso de traslados determinárase trala negociación na devandita mesa.

Artigo 4. *Funcións*

1. Corresponde ao persoal dietista-nutricionista do Servizo Galego de Saúde desenvolver, con carácter xeral, actividades orientadas á alimentación da persoa ou de grupos de persoas, adecuadas ás necesidades fisiolóxicas e, de ser o caso, patolóxicas das mesmas, e de acordo cos principios de prevención e saúde pública.

2. O persoal dietista-nutricionista, que sexa incorporado no ámbito da atención primaria, apoiará a actividade das unidades e servizos desenvolvendo as funcións que, entre as seguintes, lle sexan asignadas:

- a) Realizar valoracións do estado nutricional.
- b) Dar soporte na prescrición de dietas e consellos alimentarios.
- c) Identificar os factores de risco e as prácticas dietéticas inadecuadas, mediante cuestionarios de cribado e rexistros dietéticos.
- d) Colaborar no soporte nutricional domiciliario nas funcións que lle son propias.
- e) Elaborar dietas estandarizadas.
- f) Participar en programas de información e educación alimentaria e nutricional, preventivos ou terapéuticos, e outras accións e intervencións no ámbito da saúde comunitaria.
- g) Participar na formación continuada do demais persoal sanitario en materia de dietética e nutrición.
- h) Participar na coordinación, en materia de dietética e nutrición, entre os niveis asistenciais.
- i) Calquera outra función que se corresponda co conxunto de aptitudes e capacidades que derivan da titulación de diplomado/a ou graduado/a en Nutrición Humana e Dietética.

3. O persoal dietista-nutricionista, que sexa incorporado no ámbito da atención hospitalaria, desenvolverá as funcións que, entre as seguintes, lle sexan asignadas:

- a) Colaborar na adecuación dos sistemas de alimentación establecidos en cada centro e na

elaboración do manual ou código de dietas hospitalarias.

- b) Realizar o deseño, a confección e o seguimento das dietas especiais ou personalizadas por solicitude de persoal facultativo especialista en Endocrinoloxía e Nutrición.
- c) Colaborar na prevención de desnutrición hospitalaria, mediante a valoración do estado nutricional, dentro do equipo multidisciplinar.
- d) Participar na coordinación e a relación do servizo/unidade de Endocrinoloxía e Nutrición coa área de traballo de hostalería e alimentación.
- e) Realizar valoracións do estado nutricional.
- f) Calcular necesidades nutricionais.
- g) Informar ao equipo responsable das deficiencias nutricionais actuais ou potenciais.
- h) Elaborar protocolos de seguimento, control e avaliación nutricional.
- i) Participar na elaboración dun plan de intervención individual segundo a patoloxía e prescrición nutricional.
- j) Participar na indicación do soporte nutricional.
- k) Informar ao/á paciente e familiares das características da dieta/pauta nutricional prescrita.
- l) Participar na coordinación, en materia de dietética e nutrición, entre os niveis asistenciais.
- m) Calquera outra función que se corresponda co conxunto de aptitudes e capacidades que derivan da titulación de diplomado/a ou graduado/a en Nutrición Humana e Dietética.

4. O persoal dietista-nutricionista poderá ser incorporado ás unidades e servizos especializados no ámbito da endocrinoloxía e nutrición.

5. As funcións desenvolveranse baixo a dirección da institución sanitaria e a supervisión que esta dispoña, e sen menoscabo da competencia, responsabilidade e autonomía dos/das profesionais doutras categorías que actúen no correspondente equipo, servizo ou unidade asistencial.

Artigo 5. *Cadro de persoal*

1. Correspóndelle ao Servizo Galego de Saúde, baixo a supervisión e o control da consellería con competencias en materia de sanidade, determinar o número de efectivos de persoal da nova categoría que poden prestar servizos con carácter estrutural.
2. Esta medida de dotación de postos de carácter estrutural farase efectiva mediante as modificacións que procedan nos cadros de persoal, coas limitacións e de conformidade coas previsións establecidas nas disposicións orzamentarias en vigor.
3. Os postos de traballo da categoría de dietista-nutricionista contarán con códigos orzamentarios específicos.

Artigo 6. *Xornada e retribucións*

1. O réxime de xornada e as retribucións aplicables ao persoal da nova categoría de dietista-nutricionista serán os que resulten da normativa xeral citada no artigo 1 deste decreto.
2. Cando o persoal dietista-nutricionista desempeñe postos de atención primaria aplicaráselle o réxime de xornada que establece o Decreto 200/1993, do 29 de xullo, de ordenación da atención primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición adicional única. *Nivel dos postos de traballo e retribucións complementarias*

1. Acórdase clasificar no nivel 22 os postos de traballo de dietista-nutricionista.
2. As retribucións complementarias dos ditos postos de traballo, en contía mensual e referenciadas á data da entrada en vigor deste decreto, serán as seguintes:

Complemento de destino	Complemento específico	Produtividade
569,45 €	262,84 €	193,07 €

3. O persoal dietista-nutricionista de atención primaria percibirá, como complemento de produtividade no seu factor variable, a contía que corresponda polo cumprimento dos obxectivos prefixados polo Servizo Galego de Saúde. As contías e demais condicións de aplicación deste complemento serán as mesmas que se establecen con carácter xeral para o demais persoal sanitario, subgrupo A2, de atención primaria.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste

decreto.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Facúltase á persoa titular da consellería competente en materia de sanidade para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste decreto, no ámbito da organización e materias propias do seu departamento

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela,.....

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade